

Paula López, directora adxunta do CiTIUS, nomeada nova máxima responsable do proxecto europeo MENELAOS

luns, 8 marzo, 2021 - 11:49

A investigadora adscrita ao Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade Santiago de Compostela (CiTIUS) vén de ser designada nova coordinadora científica da rede de formación innovadora (ITN) MENELAOS^{NT}, un proxecto europeo financiado ao abeiro da convocatoria de excelencia 'MSCA Actions' do Programa Marco Horizonte 2020.



A directora adxunta do CiTIUS, **Paula López Martínez**, é xa oficialmente a máxima responsable do proxecto **MENELAOS^{NT}**, unha rede de formación de novos doutores a nivel europeo financiada polo competitivo programa de axudas *Horizonte 2020*. A dirección científica do proxecto, coordinado ata agora desde a *Universidade de Siegen* (Alemaña) trasládase, así, ao centro de investigación situado en Santiago de Compostela, mentres que a coordinación executiva da actividade dos socios seguirá realizándose desde a institución alemá. O nomeamento, proposto polo ata agora máximo responsable do proxecto -o investigador Otmar Loffeld-que seguirá vinculado como consultor científico-, converte tamén á directora adxunta do CiTIUS en 'Permanent Guest Scientist' da *Universidade de Siegen*.

«Unha persoa empática, recoñecida e respectada»

Foi o coordinador saínte, Otmar Loffeld, quen propuxo ao reitorado de Siegen o nomeamento da directora adxunta do CiTIUS: «desde a fase máis temperá do proxecto Paula foi moi construtiva, involucrándose en cada paso da proposta; é un membro importante do comité directivo do consorcio, unha persoa altamente recoñecida e respectada», afirmaba o profesor nun comunicado aos socios.

Loffeld quixo destacar así mesmo as calidades persoais da nova coordinadora: «hai moitas e boas razóns polas que propuxen a Paula, unha persoa empática que sabe como falar e tratar a os seus compañeiros». O profesor Loffeld sinalaba que «estas calidades son un ingrediente indispensable para liderar un equipo, porque un grupo non se lidera gobernando, senón convencendo aos nosos colegas». O veterano investigador concluía a súa argumentación insistindo en que «Paula ten estas calidades, e máis aló do traballo, que no seu maior parte será divertido», chanceaba, «será tamén unha grande oportunidade».

MENELAOS^{NT}: mellorando a comprensión da nosa contorna

O proxecto **MENELAOS^{NT}** afronta o reto -cada vez máis urxente- de explorar o mundo que nos rodea a escala micro e macroscópica, a través da ciencia e a tecnoloxía. O obxectivo desta rede de investigación é proporcionar aos científicos coñecementos máis profundos, unha mellor comprensión e máis información para entender e monitorar os procesos que teñen lugar na nosa contorna, co obxectivo de poder predicir, e mesmo controlar, posibles evolucións críticas.

MENELAOS^{NT} aplica novas tecnoloxías para realizar unha fusión de datos *multimodal - multisensor*, é dicir, conseguir combinar de maneira óptima a información rexistrada por diferentes tipos de sensores (*sensores in situ / remotos, ópticos / non ópticos...*), e a diferentes escalas, con diferentes resolucións e distinta fiabilidade. Integrado por 7 socios de 5 países diferentes, o consorcio está dotado cun orzamento global de máis de 3,6 millóns de euros en total, destinados a impulsar novas xeracións de científicos en liña cos *Principios da UE sobre Formación Doutoral Innovadora*. En MENELAOS^{NT} participan un total de 15 investigadores na súa primeira etapa doutoral (ESR - *Early Stage Researchers*), que reciben a súa capacitación de alto nivel a través de proxectos individuais e cursos especializados que os conducirán ata as cuestións científicas centrais do proxecto.